

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 22 DE XULLO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E CUARENTA E CINCO MINUTOS** do día **VINTEDOUS DE XULLO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúñese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **Dº GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCIÓNS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- INTERVENCIÓN.-

7º.- SERVICIOS SOCIAIS.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar as actas correspondentes ás sesións do 28 de abril, 05, 12, 21 e 26 de maio e 02 de xuño de 2008.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

2.1.- Dase conta do informe da Policía Local nº 248/08, de data 21 de xullo de 2008, en relación ó escrito presentado por Silvet Productos Veterinarios S.C., sobre pintado de linea amarela na rúa Venezuela, nº 61 baixo (Silleda) para descarga de artigos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Solicitar novo informe á Policía Local sobre cales deberían ser as zonas de zarga e descarga do núcleo urbano.

2º.- Requeir a Silvet Productos Veterinarios S.C. para que, no prazo de dez días hábiles a contar dende a recepción deste acordo, presente a documentación esixida no informe da Policía Local, dándose unha copia do mesmo ó interesado.

2.2.- Dase conta do informe da Policía Local nº 249/08, de data 21 de xullo de 2008, sobre a solicitude presentada por Dº Marcos Rodríguez Fernández, en representación da comunidade de propietarios do edificio “A. Pérez” ubicado na rúa Emilio Alonso Paz, nº 14 (Silleda) para pintado dunha linea amarela na entrada de vehículos do mencionado inmoble.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir copia do informe da Policía Local ó interesado para que, no prazo de dez días hábiles a contar dende a recepción deste acordo, presente a documentación requerida no informe.

2.3.- Dase conta do informe da Policía Local nº 250/08, de data 21 de xullo de 2008, sobre a solicitude presentada por Dª Elisa Sanmartín Tallón, para pintado dunha linea amarela na entrada de vehículos sita na rúa Morón, nº 14 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir copia do informe da Policía Local ó interesado para que, no prazo de dez días hábiles a contar dende a recepción deste acordo, presente a documentación requerida no informe.

2.4.- Dase conta do informe da Policía Local nº 251/08, de data 21 de xullo de 2008, sobre o escrito remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, en relación a titularidade dunha finca sita xunto a “Desguaces Rolán”, no lugar de Naval de Riocalvo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir copia do informe á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

2.5.- Escritos da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, Rexistros de Entrada nº 3817, 3818 e 3819, todos eles de data 21 de xullo de 2008, sobre expedientes SA431B 2008-4, SA431B 2008/191-4 e SA431B 2008/192-4 respectivamente, remitidno autorizacións sanitarias de reapertura de instalacións de piscinas municipais de uso colectivo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada destes escritos.

2.6.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rregistro de Entrada nº 3786, de data 18 de xullo de 2008, remitindo relación de abonados do servicio municipal de augas que teñen recibos pendentes de pago, correspondentes ó 1º trimestre do ano 2008, polo que comunican ó respecto de que non existir obxeción, continuarase cos trámites para que de acordo co disposto na lexislación vixente, ultimar os pertinentes expedentes de corte do suministro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito.

2.7.- Escrito de Dº Bautista Orosa Viz, Rexistro de Entrada nº 3767, de data 16 de xullo de 2008, solicitando a colocación dunha tubería baixo a estrada, para rega de finca, a cal foi inutilizada debido as obras que executa o AVE na parroquia de Cira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Medio Ambiente.

2.8.- Escrito de Dª María Orosa García, Rexistro de Entrada nº 3766, de data 16 de xullo de 2008, no que expón que con motivo das obras do AVE na parroquia de Cira desviouse un regato provocando que fincas quedaran sin regadío.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda poñerse en contacto co ADIF e a empresa que realiza os traballos na zona de Cira para resolver este problema.

2.9.- Escritos de Laboratorio de Análisis Clínicos F. Lema y J. Bandín, S.L., Rexistros de Entrada nº 3768 e 3769, de data 16 de xullo de 2008, nº 3812 de data 21 de xullo de 2008 e nº 3940 de data 28 de xullo de 2008, remitindo informes de ensaio da auga das piscinas públicas de Silleda, axustándose todos eles os parámetros analizados, a regulamentación do Decreto 103/2005.

A Xunta de Goberno Local queda enterada destes escritos.

2.10.- Escrito de Explotación Minera de Campomarzo, S.A., Rexistro de Entrada nº 3677, de data 11 de xullo de 2008, como concesionaria do “Vertedero de RCD’s de Silleda”, remitindo relación dos vertidos recepcionados o longo do mes de xuño de 2008.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.11.- Escrito de Dª Mª del Carmen Regueiro Carolo, en representación dos veciños do lugar do Curro, parroquia de Cira, Rexistro de Entrada nº 3827, de data 21 de xullo de 2008, sobre a súa oposición a instalación dunha central eléctrica, por parte de Fenosa, próxima ós núcleos urbáns da parroquia de Cira, así como o paso de cables de alta tensión por unha masa común.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Urbanismo.

2.12.- Dase conta da situación do traballador D. IVAN FERNÁNDEZ LÓPEZ, que prestou servizos para este Concello, en virtude de contrato de traballo para obra ou servizo determinado, desempeñando a categoría de Técnico de Protección Civil dentro do programa GRUMIR, até o 31 de marzo de 2008, en que se lle comunica a finalización do servizo e en consecuencia o termo da relación laboral que mantiña.

Contra devandito cesamento o Sr. FERNÁNDEZ LÓPEZ, presentou demanda ante o

Xulgado do Social nº 3 de Pontevedra, ao considerar devandito cesamento como un despedimento nulo ou subsidiariamente improcedente.

O Xulgado do Social ditou sentenza, de data 25 de xuño de 2008, en cuia parte dispositiva estima a demanda e declara a nulidade da extinción da relación laboral, entendendo que ao non seguirse o procedemento legalmente establecido produciuse un incumprimento das formalidades prescritas no art. 53.1 do Estatuto dos Traballadores.

No entanto o cal, tamén no seu fundamento xurídico segundo, a citada sentenza establece que, en calquera caso, o contrato foi realizado en fraude de lei ao non concretar de forma específica e adecuada a obra obxecto do mesmo, polo que a relación nada ha de terse por tempo indefinido.

En execución da mencionada sentenza, dítase agora o presente acordo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- En cumprimento da parte dispositiva da sentenza, procede readmitir ao Sr. Fernández López, dado que o fallo decreta a nulidade da decisión extintiva, con dereito á percepción dos salarios de trámite correspondentes.

II.- Á vez que a nulidade, por incumprimento de formalidades legais convalidables, a sentenza establece obiter dita, nos seus fundamentos de derecho, o carácter indefinido da relación laboral, polo que non sería procedente acudir a un novo despedimento obxectivo, ex art. 52.e) ET, cumplindo agora os requisitos do art. 53.1 do ET., xa que sen dúbida sería considerado improcedente pola declaración de indefinidada por fraude de lei na contratación realizada, que efectúa a sentenza.

III.- En consecuencia, con arranxo ao principio de economía procesual e de acordo coa referida declaración procede tamén, mediante a presente resolución, extinguir a relación contractual e recoñecer a improcedencia do despedimento, abonando ao citado traballador a contía de 10.152,33 ? euros en concepto de indemnización e salarios de tramitación.

Polo exposto, ACORDO,

PRIMEIRO: Executar a sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Pontevedra de data 25 de xuño de 2008.

SEGUNDO: Readmitir ao Sr. Fernández López, conforme á declaración de nulidade do despedimento que efectúa dita sentenza.

TERCEIRO: Simultaneamente, cesarlle por non existir posto o posto de traballo que ocupaba e por tanto extinguir a relación laboral.

CUARTO: Consecuentemente, recoñecer a improcedencia do despedimento e abonar ao traballador a contía de 10.152,33 ? en concepto de indemnización e salarios de tramitación.

3º.- CONTRATACIÓN.

3.1.- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2.008, aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescripcións Técnicas para a adxudicación do servizo de traballos de desbroce de pistas e camiños do Concello de Silleda, por procedemento negociado sen publicidade, e así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que segundo o certificado de secretaría, únicamente foi presentada unha oferta en tempo e forma. Examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de goberno local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato de servizos de de traballos de desbroce de pistas e camiños do Concello de Silleda á empresa FERTAF OBRAS E SERVICIOS S.L., polo prezo de 22.680,00 euros, Imposto de Valor Engadido incluido.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir aó adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro do prazo quince días hábiles, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante.

3.2.- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local, con data 17 de xuño de 2.008 aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación da subministración de vehículos industriais, incluido no Programa de Acción Municipal (PAM 2.006-08), por procedemento negociado sen publicidade procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que, de conformidade co disposto no informe de secretaría, de data 10 de xullo de 2.008, as ofertas presentadas en tempo e forma foron as seguintes:

Empresa: Talleres Sixto S.L.

Nº de rexistro de entrada: 3.577, de data 7 de xullo de 2.008

Empresa: Gestoso Automoción S.L.

Nº de rexistro de entrada: 3.578, de data 7 de xullo de 2.008

Visto que en data 18 de xullo de 2.008, con número de rexistro 3.803, D. Roberto Sixto Antrade solicitou a retirada da oferta presentada en data 7 de xullo de 2.008 por Talleres Sixto S.L.

Examinada a documentación presentada por Gestoso Automoción S.L. e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato de suministración de vehículos industriais, incluido no Programa de Acción Municipal (PAM 2.006-08), á empresa Gestoso Automoción S.L., polo prezo de 58.000,00 euros IVE incluido.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requisitar ó adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituir a garantía definitiva.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante.

QUINTO. Realizados os trámites anteriores, que por Secretaría emítase Informe-proposta e déase conta a esta Alcaldía para resolver ao respecto.

3.3.- Dada a necesidade deste Concello de realizar as obras denominadas “MELLORA DOUS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN, E PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA: GALÁN (LARO), A LAXE (OLEIROS), CORTEGADA, TABOADA, SAN FIZ, ESCUADRO, CHAPA, MANDUAS, LAMELA”.

Visto o Proxecto de Obras redactado por D. Luis A. Fernández Fernández, cun orzamento que ascende a 121.091,97 euros, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2.008.

Visto que, de conformidade co exposto o prezo do contrato ascendería á cantidade de 121.091,97 euros, IVE incluido, polo que o procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade.

Por todo elo, a Xunta de Goberno local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras consistentes

denominadas “MELLORA DOUS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN, E PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA: GALÁN (LARO), A LAXE (OLEIROS), CORTEGADA, TABOADA, SAN FIZ, ESCUADRO, CHAPA, MANDUAS, LAMELA”, por procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía.

SEGUNDO. Que por Secretaría emítase informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO: Que se redacte o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que ha de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO. Que polo Interventor municipal se faga a retención de crédito, que acredeite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

4º.- SUBVENCIÓNS.-

Non hai asuntos que tratar.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Dase conta do informe da Policía Local nº 251/08, de data 21 de xullo de 2008, en relación á denuncia ambiental expte. MA961A 2007/000857-4, contra Dº Francisco Javier Salgueiro Nercellas, por non xustificar posuir licenza municipal para actividade ubicada no lugar de Castro, nº 2, parroquia de Breixa (Silleda), sinalando no mencionado informe que a actividade é de granxa avícola e actualmente está dedicada ó engorde de polos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda paralizar cautelarmente esta actividade e solicitar informe técnico para determinar a posible legalización.

5.2.- Dase conta do informe da Policía Local nº 246/08, de data 18 de xullo de 2008, sobre a denuncia formulada por Dº Antonio Sueiro Sánchez contra Dº José Balo Otero por cerre de camiño público no lugar de Toiriz (parcela 380).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, por unanimidade acorda remitir o expediente á Oficina Técnica Municipal para que procedan a informar si se está a cerrar un camiño público.

5.3.- Actividades Clasificadas

5.3.1.- Examinado o expediente promovido por Dª Leticia García caramés, en representación de TITANIUM SILLEDA, C.B., en virtude de instancia nº 2454 de data 16 de maio de 2008, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a óptica, a situar na Avda. do Parque, nº 35 baixo (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dª Araceli Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 14 de

maio de 2008, actividade comprendida no Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumplíndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca naturaleza da actividade, de data 15 de xullo de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividad, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantizar a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Régimen Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 2454/08 instada por Dª Leticia García caramés, en representación de TITANIUM SILLEDA, C.B. para apertura de local para dedicalo a óptica, a situar na Avda. do Parque, nº 35 baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

5.3.2.- Examinado o expediente promovido por Dª MARIA ALEJANDRA IGLESIAS NOVOA, en virtude de instancia nº 2257 de data 07 de maio de 2008, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a axencia de seguros, a situar na Avda. do Parque, nº 1 baixo A (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dª Araceli Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 07 de maio de 2008, actividade comprendida no Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumplíndose os trámites de información pública, constando no

expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca naturaleza da actividade, de data 15 de xullo de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividad, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantizar a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 2257/08 instada por Dª MARIA ALEJANDRA IGLESIAS NOVOA, para apertura de local para dedicalo a axencia de seguros, a situar na Avda. do Parque, nº 1 baixo A (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

5.3.3.- Examinado o expediente promovido por Dº Luis Iglesias García, en representación de AGRICOLA IGLESIAS Y OTROS S.C., en virtude de instancia nº 2554 de data 23 de maio de 2008, solicitando Licencia de actividade correspondente a Ampliación de estabulación de gando vacún, a situar na finca nº 288, polígono 65 do plano catastral, chamada Agro das Agras, nas proximidades do lugar de Regalade, parroquia de Cortegada (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Francisco Pérez Donsión, visado polo Colexio Oficial en data 22 de maio de 2008, actividade comprendida no Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumplíndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca naturaleza da actividade, de data 14 de xullo de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a

memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividad, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantizar a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co dispuesto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 2554/08 instada por Dº Luis Iglesias García, en representación de AGRICOLA IGLESIAS Y OTROS S.C., para ampliación de estabulación de gando vacún, a situar na finca nº 288, polígono 65 do plano catastral, chamada Agro das Agras, nas proximidades do lugar de Regalade, parroquia de Cortegada (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia; unha vez obtida a autorización previa solicitaráselle ó promotor o proxecto básico e de execución e o oficio de dirección técnica das obras (asinados por técnico competente e visados polos colexios profesionais correspondentes) e remitirase o expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental).

5.3.4.- Licencia Nº 3636/06. Visto o expediente instruido a instancia de Dº JOSÉ MANUEL GIL PÉREZ, solicitando Licencia de actividade para rehabilitación e ampliación de edificacións existentes para destinalas a hotel rústico (dúas estrelas) e mesón, a situar no lugar de Mourelos, nº 15, parroquia de Silleda (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 27 de xuño de 2008, (Rexistro de Entrada nº 3715, de data 16 de xullo de 2008) informa en sentido favorable, calificando dita actividad como Molesta SCD, producción de ruidos, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

d) Previa á concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. A traballar coas portas e fiestras pechadas. Tódolos residuos xerados pola actividade se xestionarán con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía, e de acordo coa normativa vixente. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruídos do concello.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 25 de marzo de 2008 (Rexistro de Entrada nº 1921, de data 17 de abril de 2008), concede autorización previa á concesión de licencia municipal, sinalando que, dacordo con disposto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo solicitante farase constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, debendo remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:

- titular do predio:	JOSÉ MANUEL GIL PÉREZ
- superficie do predio:	1.000 m ²
- Ref. Catastral do predio:	Rexistru da propiedade de LALIN - fnca: 39728, -tomo: 832, -libro: 237 - folio: 48, -inscripción: 1 ^a
- uso autorizado:	HOTEL RÚSTICO E MESÓN
- superficie edificable:- rehabilitación:	214,18 m ² (planta baixa-hotel) - rehabilitación: 186,98 m ² (planta alta-hotel)
	- rehabilitación: 53,53 m ² (mesón)
	- rehabilitación: 52,99 m ² (mesón)
- ocupación:	-----
- altura máxima:	3,65 m (mesón)
- distancia a linderos:	-----

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascenden as tasas regulamentarias, según liquidación que

practicará a Intervención municipal.

5.3.5.- Licencia N° 7670/07. Visto o expediente instruido a instancia de INGENIERÍA Y CALDERERÍA PLÁSTICA, S.A. (INCAPLAS), solicitando Licencia de actividade para apertura de local para dedicalo a taller de calderería plástica, a situar según plano nº 2.1 do Plan Parcial do Polígono Industrial Área-33, situado no lugar da Mera (Silleda), Plano de Zonificación de Usos pormenorizados marxe B e según plano nº 3 da Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33, con selo de Secretaría aprobado definitivamente polo Pleno en Sesión 7-marzo-2002, a parcela é a número 2 de mazá nº 10.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 27 de xuño de 2008, (Rexistro de Entrada nº 3714, de data 16 de xullo de 2008) informa en sentido favorable, calificando dita actividad como Molesta SCD producción de ruidos e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Previa á concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. A traballar coas portas e fiestras pechadas. Tódolos residuos xerados pola actividade se xestionarán con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía, e de acordo coa normativa vixente. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do Concello. Unha vez posta en marcha a empresa, previa obtención da licenza, na visita de comprobación, deberá estar o Titular en posesión da resolución pola que a empresa se notifica como pequeno productor de residuos perigosos de acordo decreto 174/2005 de 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da producción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de galicia (DOG nº 124 - 29 de xuño de 2005).

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou

instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarase, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as tasas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.4.- Visto o escrito presentado por D^a MERCEDES M^a NUNES BARREIRO, Rexistro de Entrada nº 3474, de data 01 de xullo de 2008, solicitando ocupación de 4 m² de vía pública, frente o local denominado “Noite e Día”, situado na rúa Cartaxena, nº 10 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D^a MERCEDES M^a NUNES BARREIRO para ocupación de 4 m² de vía pública, frente o local denominado “Noite e Día”, situado na rúa Cartaxena, nº 10 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

6º.- INTERVENCIÓN.-

Non hai asuntos que tratar.

7º.- SERVICIOS SOCIAIS.-

7.1.- Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, D^a Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria, correspondente a D^a.Carmen Mejuto Caramés, con domicilio na Rúa Abades nº 16 de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria de D^a.Carmen Mejuto Caramés

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,